



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical CIG Telefónica

A Coruña: coruna@cigtelefonica.com Teléfono 981183969 Fax 981183679

Pontevedra: pontevedra@cigtelefonica.com Teléfono 986264949

Lugo: lugo@cigtelefonica.com / Ourense: ourense@cigtelefonica.com

Páxina web: www.cigtelefonica.com

O idioma
que nos une

manifestación
nacional en
Compostela

Manifestación 17 de maio

EN DEFENSA DO GALEGO

pola defensa
irrenunciábel
do galego

A manifestación que cada ano convoca a Mesa pola Normalización Lingüística o Día das Letras Galegas en defensa da lingua tivo unha participación masiva, histórica. Tamén, son xa máis de 20.000 as persoas que asinaron o manifesto a prol da convivencia lingüística e da igualdade de dereitos para o galego, manifesto que aínda estás a tempo de asinar na páxina da Mesa <http://www.amesanl.org>.

Desde que o Partido Popular chegou ao poder o 1 de marzo, os defensores do galego non deixamos de estar pendentes de se ían cumprir as promesas electorais de ataque ao galego que lles fixeron aos sectores máis reaccionarios da sociedade galega.



A sociedade galega está preocupada e non o é para menos, a lingua, o que nos une como pobo, está ameazada desde o poder político, pero a resposta que se lle deu o día 17 de maio foi tan contundente que non deixa de emocionarnos coa constatación de que somos moitos, moitísimos máis os defensores e defensoras do galego que os seus detractores.

A amplificación mediática da reacción contra o galego distorsiona a realidade, pero comprobamos que non deixa de ser un espellismo, os galegos e galegas, maioritariamente, queremos a nosa lingua e ímola defender en todos os espazos, na casa, na escola, na rúa e no traballo.



Para defender a lingua desde o noso traballo, os traballadores e traballadoras de Telefónica da CIG fomos á manifestación de Santiago cunha pancarta na que reclamabamos dereitos para o galego e para @s galeg@s.

Queremos que se respecten os nosos dereitos individuais e colectivos, como traballadores queremos poder empregar a nosa lingua e queremos que Telefónica respecte os dereitos da súa clientela galega por igual, queremos atención de calidade na nosa lingua, por exemplo, un 1004 que non teña tempos de espera interminábeis para os que escollan a opción de galego ou desbordamentos á opción de castelán, queremos atención en galego en todos os servizos e que sexa integral.

Compostela, 18 de maio de 2009

Queremos os mesmos dereitos para o galego que para o castelán !

Defende a túa lingua!

www.cigtelefonica.com